



**ACORDO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE PERSOAL DIRECTIVO NA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL.**

CÓDIGO: AGDR 03 00 00

DENOMINACIÓN: SUBDIRECTOR/A DE RELACIÓNS COS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

**PRIMEIRO:** A convocatoria da praza publicouse no *DOG* núm. 190, do 2 de outubro de 2024, mediante o Anuncio do 24 de setembro de 2024.

Optaron a praza un total de tres candidatos. En virtude da Resolución da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 28/10/2024 resultou admitida no proceso de selección Francisca María Gago Guillán, excluíndose aos outros dous candidatos presentados.

**SEGUNDO:** O 04/11/2024 constituíuse o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura do posto de subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, nomeado pola Resolución da Dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 18/10/2024.

**TERCEIRO:** O tribunal, en sesións do 04/11/2024 e do 05/11/2024, valorou os méritos alegados pola única candidata admitida no proceso, Francisca María Gago Guillán, correspondentes á primeira fase do proceso de selección, de acordo co establecido na base décimo primeira que rexe este proceso de selección.

PRIMEIRA FASE	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Experiencia Laboral	20	20
Formación	10	10
Plan de actuación	25	16,7
Total	55	46,7

**CUARTO:** En sesión do 13/11/2024 o tribunal cualificou a exposición do Plan de actuación por parte da candidata con 4.75 puntos.

Esta puntuación provisional publicouse na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o 14/11/2024, habilitándose un prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste acordo na páxina web da axencia para que a interesada puidese presentar as reclamacións que tiver oportunas.

Ese mesmo día, mediante escrito dirixido á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (NRE 2024/3242094) a candidata presenta un escrito no que literalmente indica *"que manifesta a súa conformidade coas puntuacións obtidas no proceso de selección, así como a súa decisión de non efectuar alegacións nin reclamación"*.

Tendo en conta o anterior, o Tribunal, en sesión celebrada o 18/11/2024 acordou:





- Elevar a definitiva a puntuación obtida por Francisca María Gago Guillán na segunda fase do proceso de selección:

SEGUNDA FASE	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Exposición do Plan de actuación	5	4,75

- Publicar a cualificación final, de carácter provisional, acadada pola candidata Francisca María Gago Guillán no proceso de selección:

-PRIMEIRA FASE	Puntuación
Experiencia Laboral	20
Formación	10
Plan de actuación	16,7
<b>Total primeira fase</b>	<b>46,7</b>
-SEGUNDA FASE	Puntuación
<b>Exposición Plan actuación</b>	<b>4,75</b>
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>51,45</b>

Tendo en conta o anterior, propónse, con carácter provisional, á candidata Francisca María Gago Guillán para o posto da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

Esta puntuación provisional publicarase na paxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, establecéndose un prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación para presentar as reclamacións que se consideren oportunas.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
O presidente do tribunal  
(Resolución da Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 18/10/2024)  
Bruno Fernández González.

